# A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2017

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl

# A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

## Edición 2017

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

**Xunta de Galicia**
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
2017

# INDICE

INTRODUCIÓN
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO
I.1. En síntese
II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS
II.1. Equipamento e servizos TIC
II.2. Internet e Banda larga
II.3. Páxina web e redes sociais
II.4. Comercio electrónico
II.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet
III. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS
III.1. Análise sectorial
III.2. Internet e Banda larga
III.3. Páxina web e redes sociais
III.4. Comercio electrónico
III.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet
IV. Análise por provincias
IV.1. Equipamento e servizos TIC
IV.2. Internet e Banda larga
IV.3. Comercio electrónico
IV.4. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet

# INTRODUCIÓN

Este diagnóstico presenta o resultado do seguimento e avaliación dunha serie de indicadores relativos ao tecido empresarial galego, de xeito que permitan determinar a situación e a evolución da Sociedade da Información entre as compañías galegas.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), é o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020.

O estudo analiza en detalle información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing. Tamén se detén en cuestións relacionadas co comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e unha análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

## Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos deste estudo procedan da Enquisa

de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

# I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



- ☞ Durante o 2017 Galicia contabilizou 198.923 empresas; o 96,3% delas tiñan menos de 10 empregados/as.
- ☞ O sector Servizos segue a ser a actividade maioritaria.

# I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

Neste capítulo amosamos as principais características das empresas galegas, con datos significativos como o tamaño da empresa, a actividade empresarial a que se dedican ou a condición xurídica á que se acollen

A información, extraída do Directorio de Empresas e unidades locais do Instituto Nacional de Estatística (INE), amosa que no ano 2017 hai na nosa comunidade un total de 198.923 empresas. Demograficamente priman as microempresas (entre 0 a 9 traballadores), que representan ao 96,3% do total galego.

### C.1. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)

| Total | 198.923 |
|---|---|
| Sen asalariados/as | 108.134 |
| De 1 a 2 asalariados/as | 58.247 |
| De 3 a 5 asalariados/as | 18.334 |
| De 6 a 9 asalariados/as | 6.853 |
| De 10 a 19 asalariados/as | 3.962 |
| De 20 a 49 asalariados/as | 2.267 |
| De 50 a 99 asalariados/as | 616 |
| De 100 a 199 asalariados/as | 293 |
| De 200 ou máis asalariados/as | 217 |




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

## G.1. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

En base a esta composición do tecido empresarial galego, ao longo deste informe consideraremos dous tamaños ou estratos das empresas como fórmula para a exposición dun resultado sintético. Por un lado agrupamos ás microempresas (de 0 a 9 traballadores, e que supoñen o 96,3% do total) e as empresas de 10 ou máis traballadores/as (o 3,7% restante).

Deténdonos na distribución xeográfica das empresas, sobresaen claramente as provincias da Coruña e Pontevedra como localizacións prioritarias da maioría das entidades, tanto no caso das microempresas como de empresas de 10 ou máis traballadores/as.

## C.2. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(Total de empresas)

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 79.304 | 3.099 | 82.403 |
| LUGO | 23.790 | 759 | 24.549 |
| OURENSE | 22.399 | 741 | 23.140 |
| PONTEVEDRA | 66.075 | 2.756 | 68.831 |
| **TOTAL** | 191.568 | 7.355 | 198.923 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

### C.3. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(% Total de empresas)

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 39,87 | 1,56 | 41,43 |
| LUGO | 11,96 | 0,38 | 12,34 |
| OURENSE | 11,26 | 0,37 | 11,63 |
| PONTEVEDRA | 33,22 | 1,38 | 34,60 |
| **TOTAL** | 96,31 | 3,69 | 100 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

A meirande grande parte das empresas galegas pertence ao sector Servizos (o 78,8%). Séguelle, pero a grande distancia, a Construción, actividade á que se dedican o 14,8% das empresas de Galicia; finalmente a Industria aporta un 6,3% do total de empresas galegas.

### G.2. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

## C.4. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)

| | |
|---|---|
| **TOTAL** | ***198.923*** |
| **INDUSTRIA** | ***12.524*** |
| B- Industrias extractivas | *274* |
| C- Industria manufactureira | *11.449* |
| D- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | *556* |
| E - Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación | *245* |
| **F- CONSTRUCIÓN** | ***29.549*** |
| **SERVIZOS** | ***151.723*** |
| G- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas | *48.579* |
| H - Transporte e almacenamento | *11.775* |
| I - Hostalaría | *19.248* |
| J - Información e comunicacións | *2.347* |
| K - Actividades financeiras e de seguros | *5.107* |
| L - Actividades inmobiliarias | *6.771* |
| M - Actividades profesionais, científicas e técnicas | *20.274* |
| N - Actividades administrativas e servizos auxiliares | *9.659* |
| P - Educación | *6.627* |
| Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais | *7.724* |
| R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | *5.589* |
| S - Outros servizos | *12.330* |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

Segundo a condición xurídica da entidade, en Galicia predominan as entidades empresariais conformadas por persoas físicas, un 57%, mentres que o 43% das empresas galegas son sociedades.

**G.3. CONDICIÓN XURÍDICA**

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2017.

# II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS




- Un 44% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as ten contrataado velocidades de contratación superiores aos 30 Mb/seg, un 19% máis que no ano anterior.
- A presenza en medios sociais durante o ano 2017 aumenta 6,5 tres puntos nas grandes empresas con actividade en Galicia e 4,5 puntos porcentuais nas microempresas
- O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 202 millóns de euros no ano 2017.

Este capítulo trata o uso das novas tecnoloxías nas empresas galegas, detallándose diversos aspectos relacionados coas TIC e o comercio electrónico:




Os resultados que proporcionaremos se estruturan en estratos por tamaño de traballadores:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores/as)
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

A serie temporal que detallaremos a modo de comparativas de evolución vai do ano 2014 ata o 2017.

# II.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

Os ordenadores acadan unha presenza case universal nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. Nas pequenas empresas, a porcentaxe sitúase no 67,3%.

**G.4. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

**G.5. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen ordenadores**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

**G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen ordenadores**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




**Fonte: INE**

Segue a incrementarse a porcentaxe de persoal aos que as empresas lle proporcionaron dispositivos portátiles. No caso de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia o aumento foi dun punto porcentual, e duns significativos 9,8 puntos porcentuais nas multilocalizadas.

**G.7. PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONOU UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITÍA A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL**

(% sobre o total de persoal)




**Fonte: INE**

## G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de persoal)




**Fonte: INE**

## G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de persoal)




**Fonte: INE**

O software de código aberto segue o seu avance no tecido empresarial galego. Aumenta a súa presenza especialmente nas pemes e grandes empresas, onde a súa utilización acada o 88,2% nas empresas con sede en Galicia e a máis da metade das microempresas (54,4%).

**G.10. EMPRESAS QUE EMPREGABAN ALGUNHA TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

Nas empresas de máis asalariados / as, o aumento do software de código aberto é progresivo, cunha importante subida de 2,8 puntos no último ano entre as empresas con actividade en Galicia, practicamente o dobre que a media de España.

**G.11. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

Entre as microempresas o incremento no uso de software de código aberto resulta salientable, aumentando 4,6 puntos porcentuais no último ano, mentres que en España se redice.

**G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




**Fonte: INE**

A sinatura dixital é utilizada por catro de cada cinco empresas de 10 ou máis traballadores/as e por practicamente a metade das microempresas.

**G.13. SINATURA DIXITAL**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A utilización da sinatura dixital experimentou un forte crecemento nas empresas galegas, superando o 80,6% das entidades de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e á metade das microempresas. A utilización da sinatura dixital supera neste caso ás microempresas do conxunto do Estado.

**G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2014**

A práctica totalidade das empresas galegas, independentemente do seu tamaño, empregan a sinatura dixital para relacionarse coa Administración Pública. O uso da sinatura dixital para relacionarse cos clientes e/ou provedores é maior nas empresas de 10 ou máis traballadores /as (26,2%) que nas microempresas (10%).

**G.16. USOS DA SINATURA DIXITAL**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

**G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que utilizaron sinatura dixital para relacionarse con Clientes e / ou provedores**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O 16,4% das grandes empresas galegas con sede en Galicia emprega algún servizo de Cloud Computing, cun aumento de 4,9 puntos porcentuais. Nas microempresas experimentou un crecemento moi superior á media de España (1,3 puntos en Galicia fronte aos 0,2 puntos a nivel estatal).

### G.18. CLOUD COMPUTING

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

### G.19. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que utilizaron solucións de Cloud Computing**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.20. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que utilizaron solucións de Cloud Computing**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas, sen que existan grandes diferencias en función do tamaño da entidade, son as de manexo de E-mail baseado en Cloud, servidor de base de datos (máis frecuente entre as microempresas) e almacenamento de ficheiros.

**G.21. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING: desglose**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)




**Fonte: INE**

O tamaño da empresa inflúe de forma significativa na recepción da factura electrónica: nas microempresas, a porcentaxe sitúase nun 6,5%, mentres que acada o 26,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia.

A progresión do indicador relativo ás empresas que recibiron facturas electrónicas é á alza, dunha forma lenta pero constante, mais acusada en Galicia que na media estatal. Increméntase este indicador en 6,2 puntos entre as empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as (fronte aos 3,7 puntos a nivel estatal) e uns 2,2 puntos nas empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as (0,1 puntos nacionais).

### G.22. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

### G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que recibiron facturas electrónicas**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

### G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que recibiron facturas electrónicas**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




**Fonte: INE**

No relativo ao envío das facturas electrónicas, as diferenzas dependendo do tamaño da empresa son maiores que na comentada recepción, apreciándose un maior volume de empresas con envíos de facturas electrónicas nas de maior tamaño (un 43,6% de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia), superando mesmo á media estatal de 37,8%. Obsérvase unha maior porcentaxe de microempresas (12,3%) que enviaron facturas electrónicas que a media estata (11,2%)

## G.25. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

## G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que enviaron facturas electrónicas**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

O crecemento na porcentaxe de empresas que enviaron facturas electrónicas é igualmente constante e máis forte entre as empresas galegas que entre as do conxunto do Estado, e moi significativo entre as microempresas.

**G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que enviaron facturas electrónicas**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




**Fonte: INE**

As ferramentas ERP, tales como control das compras ou finanzas, procesos de fabricación ou inventariado de produtos, estanse a implantar con contundencia nas empresas galegas de maior número de traballadores/as, especialmente naquelas que teñen sede ou actividade en Galicia, onde estas ferramentas están presentes no 53% das entidades empresariais.

### G.28. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP PARA COMPARTIR INFORMACIÓN SOBRE COMPRAS / VENDAS CON OUTRAS ÁREAS DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

A dispoñibilidade destas ferramentas en Galicia experimentou un crecemento superior aos doce puntos porcentuais nos últimos dous anos nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia, duplicándose respecto ao 2015 nas.

### G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

**Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2016.**

**G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




**Fonte: INE**

**Non dispoñible o valor do indicador para os anos 2014 e 2016**

No relativo ao uso de ferramentas informáticas de xestión de información do cliente CRM, novamente se poden observar claras diferencias influenciadas polo tamaño da empresa. Nas de 0 a 9 traballadores/as, a súa utilización é do 7,6% mentres que nas empresas de 10 ou máis máis traballadores/as, acada ao 33,2% en empresas con sede en Galicia.

**G.31. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM PARA XESTIONAR INFORMACIÓN DE CLIENTES**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

**G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que dispoñían de ferramentas CRM**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE-IGE**

O crecemento no uso de ferramentas CRM por parte das empresas galegas é superior á media estatal, especialmente entre as empresas de 0 a 9 traballadores/as, onde o número de empresas con CRM en Galicia crece uns 0,2 puntos mentres que a nivel estatal diminúe en 0,3 puntos porcentuais.

**G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que dispoñían de ferramentas CRM**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




**Fonte: INE**

**Non dispoñible o valor do indicador para o ano 2014**

Unha de cada cinco empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (o 19,9%) proporciona actividades formativas TIC aos seus empregados / as, mentres que entre as microempresas obtén valores reducidos.

**G.34. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

A formación TIC aos empregados / as experimenta unha lixeira suba entre as empresas galegas de maior volume de traballadores/as con sede en Galicia.

**G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




**Fonte: INE**

**G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




**Fonte: INE**

# II.2. INTERNET E BANDA LARGA

O acceso a Internet é unha ferramenta amplamente estendida nas empresas galegas, especialmente nas de 10 ou máis traballadores/as onde acada o 98,5%. Entre as microempresas, un 62,7% teñen conexión a Internet contratada.

**G.38. ACCESO A INTERNET CONTRATADO**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

**G.39. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen acceso a Internet contratado**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE

**G.40. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen acceso a Internet contratado**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




**Fonte: INE**

O acceso a Internet a través de banda larga é practicamente xeralizado en todas as empresas que dispoñen de conexión, independentemente do seu tamaño.

**G.41. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

## G.42. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA. EVOLUCIÓN

**Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 9 empregados / as con conexión a Internet)




Fonte: INE

**Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

O acceso á Rede a través de banda larga a través de telefonía ven sendo un indicador de avance tecnolóxico entre as empresas nos últimos anos. Neste sentido, o 80,5% das empresa de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia dispón deste tipo de acceso a Internet e o 69,2% das microempresas.

## G.43. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

As microempresas galegas, pola súa banda, contan con este servizo nunha porcentaxe lixeiramente inferior ao conxunto do Estado, pero a contratación do servizo tense incrementado en 4,2 puntos porcentuais no último ano. No caso das empresas galegas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, a porcentaxe se sitúa no 80,5% fronte ao 82,4% estatal.

**G.44. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.45. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil**
**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A banda larga fixa segue a ser a máis empregada nas empresas galegas, á marxe do seu número de empregados/as. O 84,9% das microempresas con conexión a Internet contraata dispoñen de banda larga fixa, fronte o 91,8% das empresas de 10 e máis empregados/as.

**G.46. TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA FIXA**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Entre as empresas con conexión de banda larga móbil, prodúcese un importante incremento dos accesos a través de dispositivos móbiles con tecnoloxía 3G ou 4G (superan o 87%).

**G.47. TIPOS DE CONEXIÓN A INTERNET – BANDA LARGA MÓBIL**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)






**Fonte: INE**

En relación á velocidade contratada, un 58,4% das microempresas contan con velocidades de conexión superiores aos 10 Mb/seg. O 44% das empresas galegas deste segmento ten contratado o acceso a Internet con velocidades de máis de 30Mbps, un 19% máis que o ano anterior.

### G.48. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

### G.49. EVOLUCIÓN GALICIA. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.50. EVOLUCIÓN GALICIA. VELOCIDADE CONTRATADA**

(% sobre o total de empresas de 10 empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia e con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

# II.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

Unha cuarta parte das microempresas (26,2%) e un 77,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade na nosa Comunidade posúen páxina web, experimentando un lixeiro descenso no último ano especialmente entre as microempresas.

**G.51. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.52. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Dispoñibilidade de páxina web**

**Comparativa Galicia e España**

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

### G.53. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Dispoñibilidade de páxina web**

**Comparativa Galicia e España**

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

O servizo presente con maior frecuencia nas páxinas web das empresas é a presentación da empresa, xunto coa declaración da política de intimidade ou certificación relacionada coa seguridade do sitio web.

**G.54. SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A relevancia dos medios sociais para as empresas, especialmente para as máis pequenas, está en claro crecemento. Un terzo das microempresas e case a metade das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, está presente nalgún medio social no ano 2017. Independentemente do seu tamaño, a presenza das empresas en medios sociais incrementase ano a ano.

**G.55. MEDIOS SOCIAIS**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**G.56. MEDIOS SOCIAIS EVOLUCIÓN**

**Empresas que utilizaron medios sociais**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Empresas que utilizaron os medios sociais**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

As redes sociais como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, etc., son claramente o medio máis utilizado polas empresas para relacionarse virtualmente cos seus clientes ou transmitir as súas mensaxes, independentemente de si estamos a falar dunha microempresa ou dunha entidade con maior número de traballadores/as.

### G.57. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)

(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




**Fonte: INE**

### G.58. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...). EVOLUCIÓN

**Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as que usan medios sociais)




**Fonte: INE**

**Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que usan medios sociais)




**Fonte: INE**

O manexo doutros medios sociais amosa unha crecente relevancia dos blogs empresariais (twitter, blogger, ...) e tamén dos websites que comparten contidos multimedia (youtube, flickr, instragram...), sobresaíndo a proporción das empresas de 10 ou máis traballadores/as respecto das microempresas.

**G.59. EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS**

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE

Os usos máis habituais destes medios sociais son a difusión da imaxe de empresa ou os produtos (un 91% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e case un 80% das microempresas), xunto co uso como canle de comunicación entre a empresa e os seus clientes.

### G.60. USOS DE REDES SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




**Fonte: INE**

A utilidade percibida destes medios sociais é moi ben valorada por todos os tipos de empresas, pero especialmente entre as microempresas, onde o 48,8% considera como "moi útiles" os medios sociais para a xeración ou desenvolvemento do negocio.

**G.61. UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA A XERACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DO SEU NEGOCIO**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




**Fonte: INE**

Un 8,5% de microempresas afirma pagar por anunciarse en Internet, se ben o valor chega case a triplicarse nas empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e / ou actividade en Galicia (un 23%).

**G.62. EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

O pago polo uso de publicidade dirixida a través de Internet resulta máis frecuente a medida que se incrementa o tamaño da empresa, especialmente entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, onde acada o 21%.

**G.63. EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET USANDO PUBLICIDADE DIRIXIDA**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A tipoloxía de publicidade dirixida máis utilizada polas empresas galegas, independentemente do seu tamaño, é a que se basea en contidos da páxina web (cookies), acadando á máxima porcentaxe en empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (81,4%).

## G.64. TIPOLOXÍA DE PUBLICIDADE DIRIXIDA

(% sobre o total de empresas que empregaron publicidade dirixida)




**Fonte: INE**

# II.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

Unha cuarta parte das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron compras a través de Internet no último ano, especialmente entre as que teñen sede e/ou actividade en Galicia. Entre as microempresas, a porcentaxe das que practican comercio electrónico é do 15,5%.

**G.65. COMPRAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

En termos de evolución, o indicador asemella experimentar un freo no último ano, tanto a nivel galego como no conxunto de España, que se produce de forma máis acusada entre as microempresas.

**G.66. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que compraron a través de Internet no último ano**
(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

**Empresas que compraron a través de Internet no último ano**
(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

Respecto das vendas a través de Internet, novamente destacan as empresas de 10 ou máis traballadores/as (20,5%) e, entre as microempresas, a porcentaxe sitúase no 2,4%

### G.67. VENDAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

En clave de evolución, o indicador experimenta estacionalidade respecto do ano 2016, cun lixeiro descenso, máis marcado entre as empresas de menor volume de emprego.

### G.68. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que venderon a través de Internet no último ano**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




**Fonte: INE**

**Empresas que venderon a través de Internet no último ano**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)




**Fonte: INE**

A distribución xeográfica das vendas indica un peso significativo das vendas nacionais en toda sas empresas, independentemente do seu tamaño, destacando as vendas na Unión Europea das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.

**G.69. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO A ÁREA XEOGRÁFICA**

(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas)




**Fonte: INE**

O Big Data é un modo de analizar o comportamento dos clientes recompilando grande cantidade de datos coa finalidade de facer análises, en pro de observar e/ou mellorar os seus produtos ou servizos. Neste sentido, a porcentaxe de microempresas que analiza estes macrodatos é dun 4,3%, triplicándose no caso de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e / ou actividade en Galicia.

**G.70. EMPRESAS QUE ANALIZARON BIG DATA**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

Pese ao modesto das cifras, cabe destacar a evolución positiva da práctica da análise Big Data entre as empresas galegas, tanto nas microempresas como nas entidades de máis traballadores/as, experimentando un crecemento en torno a tres puntos porcentuais no último ano. Salientar igualmente que a práctica de análise Big Data entre as empresas galegas supera á do conxunto do Estado, case duplicando o valor das microempresas.

**G.71. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**

**Empresas que analizaron Big Data no último ano**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

**Empresas que analizaron Big Data no último ano**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)




Fonte: INE

Son varias as fontes empregadas para recompilar os macrodatos definidos como Big Data entre as empresas galegas. Sitúan en primeiro lugar os datos por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles (algo mais da metade das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 42,9% das microempresas que analizan Big Data o practican) e, non moi lonxe e nun segundo lugar, os datos recollidos pola propia empresa a través de sensores ou dispositivos intelixentes.

**G.72. TIPOLOXÍA DE BIG DATA ANALIZADA POLAS EMPRESAS POR FONTE**

(% sobre o total de empresas con analizaron Big Data)




**Fonte: INE**

A maioría das empresas recorren a persoal propio para analizar a cantidade de datos dispoñibles, de modo máis frecuente a medida que se incrementa o número de traballadores/as da empresa. O recurso a provedores externos resulta máis frecuente entre as microempresas, de modo que un 43,3% así o recoñece.

**G.73. PERSOAL ENCARGADO DE ANALIZAR BIG DATA**

(% sobre o total de empresas que analizaron Big Data)




**Fonte: INE**

# II.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

A interacción coas diferentes administracións públicas é un dos indicadores que amosan a importancia das novas tecnoloxías para o tecido empresarial galego, cunha ampla implantación en todas as empresas galegas, pero especialmente nas de maior número de traballadores/as.

**G.74. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

O indicador da interacción coas Administracións públicas utilizando os recursos da Rede experimentou un importante crecemento entre as empresas galegas no último ano, achegándose ao 96,3% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.

No ano 2017 este indicador supera por primeira vez ao nacional, independentemente do tamaño da empresa. As microempresas galegas superan en 2,9 puntos a media estatal no que se refire á interacción coas administracións públicas; no caso das empresas con sede en Galicia, a diferenza é de 3,8 puntos.

## G.75. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano**

**Comparación Galicia e España**

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

## G.76. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano**

**Comparación Galicia e España**

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A solicitude dalgún tipo de información é o trámite electrónico máis frecuente coas administracións públicas, especialmente entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, (89,6%).

### G.77. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTER INFORMACIÓN

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

### G.78. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter información**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Outro dos trámites online máis destacado coas administracións son as descargas de formularios ou impresos. Durante o ano 2017 volveu a subir a súa utilización, en 2,8 puntos porcentuais máis nas microempresas (chegando ata o 60,1%) e superando novamente á media nacional 57,8%). No caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (85,6%), superan á media nacional en 1,7 puntos porcentuais.

### G.79. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTER FORMULARIOS

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

### G.80. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter formularios**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A presentación electrónica de impresos cumprimentados é unha práctica realizada polo 78,5% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e polo 45,5% das microempresas.

### G.81. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA DEVOLVER IMPRESOS CUMPRIMENTADOS

(%sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Tamén neste tipo de trámite as empresas galegas presentan unhas porcentaxes máis elevadas que as do conxunto de España.

### G.82. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para devolver impresos cumprimentados**

**Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Entre outros motivos polos que as empresas galegas interactúan coas administracións públicas destacan a declaración de impostos de forma electrónica, realizada polo 78,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e polo 58,3% das microempresas.

A declaración das contribucións á Seguridade Social é realizada polo 65,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e por preto do 40% das microempresas.

**G.83. OUTROS MOTIVOS PARA INTERACTUAR COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

# II.6. POLÍTICA DE SEGURIDADE E GASTO EN TIC

A inquedanza pola seguridade nas empresas galegas evidénciase á hora de analizar a medida na que contan con sistemas internos de seguridade. Neste sentido, o 85,2% das grandes empresas galegas con sede en Galicia conta cun sistema interno definido en materia de seguridade, ao igual que un 39,6% das microempresas.

**G.84. EMPRESAS CON SISTEMAS INTERNOS DE SEGURIDADE**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

O sistema interno para a seguridade máis empregado é o da autenticación mediante contrasinais seguros, independentemente do volume de traballadores/as das empresas, práctica habitual para máis do 90% das empresas con 10 ou máis traballadores/as e para o 88,1% das microempresas que contan cunha políctica de seguridade TIC.

A identificación de usuario e autenticación mediante elementos de hardware, resulta igualmente unha practica bastante empregada polas empresas galegas, especialmente nas de maior número de traballadores/as.

.

**G.85. TIPOLOXÍA DE SISTEMAS INTERNOS DE SEGURIDADE**

(% sobre o total de empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida)




**Fonte: INE**

**O gasto total en TIC das empresas galegas durante o ano 2016 superou os 200 millóns de euros.**




As partidas que requiriron maior investimento por parte das empresas foron os bens, especialmente para as empresas máis pequenas. Case en igualdade no caso das máis grandes inverten en servizos e consultas.

**G.86. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2016**
(Miles de euros sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

O gasto en bens para o ano 2016 vese reducido en comparación co investimento destinado polas empresas no ano 2015. A merma afecta a todas as partidas no caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as, e de modo moi especial nas destinadas ás consultas e servizos.

**G.87. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2016: Gasto total en bens TIC**
(Miles de euros sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

**G.88. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2016: Gasto total en software, estándar ou a medida**
(Miles de euros sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

A redución do gasto en servizos e consultas TIC resulta importante tanto nas empresas de 10 ou máis traballadores/as como nas pequenas, reducíndose máis dun 50% en ambos casos.

**G.89. GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2016: Gasto total en servizos e consultas TIC**
(Miles de euros sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

# III. ANÁLISE SECTORIAL



- ☞ As empresas do sector Servizos destacan polo seu uso de ferramentas CRM.
- ☞ As empresas dedicadas a Información e Comunicacións sobresaen polo seu maior uso de tecnoloxías relacionadas co Cloud Computing.

# III.1. ANALISE SECTORIAL

Na análise sectorial mostramos os indicadores principais amosados nos capítulos anteriores, aínda que tratando especificamente o sector de actividade no que se desenvolven as empresas. Analizarase a dispoñibilidade da internet, páxina web, redes sociais, uso de comercio electrónico e interacción coas Administracións Públicas por sector.

## Equipamentos e servizos TIC

A dispoñibilidade de ordenadores en empresas de 10 ou máis traballadores/as é moi semellante en todos os sectores, achegándose á universalidade no caso da Construción. Con todo, nas empresas de menor número de asalariados / as, obsérvase unha maior presenza nas entidades do sector Servizos (77%) que nas empresas dedicadas á Industria (37,2%).

**G.90. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso da sinatura dixital é lixeiramente máis frecuente nas empresas do sector Construción, de forma case independente ao seu tamaño. É na Industria onde a diferenza é máis pronunciada entre as microempresas (20,4% empregan sinatura dixital) e as entidades de 10 ou máis traballadores/as con sede e / ou actividade en Galicia (80,5%).

**G. 91. SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

A actividade concreta da empresa amosa ser un factor a considerar na utilización ou non de sinatura dixital, de xeito que o seu uso é universal nas empresas de 10 ou máis traballadores/as que se dedican a actividades inmobiliarias, mentres que resulta dun 70,2% nas dedicadas á venda e reparación de vehículos.

**G.92. SINATURA DIXITAL SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

O sector servizos sitúase como o segmento de actividade empresarial no que máis uso se fai de solucións relacionadas co Cloud Computing, nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia (27,2%). Destaca o sector Construción no caso das microempresas (12,2%).

**G.93. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

As empresas do ramo da Información ou a comunicación son, cun 64,7%, as que máis empregan solucións de Cloud Computing

**G.94. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

Hai diferenzas considerables na recepción e o envío de facturas electrónicas segundo a actividade empresarial. As empresas de Servizos ou Construción reciben maior porcentaxe de facturas electrónicas, á marxe do seu tamaño, mentres que no envío de facturacións telemáticas destacan notablemente as empresas relacionadas coa Construción.

**G.95. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

**G.96. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

Observando con detemento a actividade das empresas de 10 ou máis traballadores/as, destaca a porcentaxe de recepción de facturas electrónicas nas empresas relacionadas con Actividades inmobiliarias (97,6%); a bastante distancia sitúanse as relacionadas coa actividade CNAE Enerxía e auga (41,6%).

No envío de facturas electrónicas segundo a actividade, as empresas que máis empregaron a facturación electrónica son as dedicadas á Información e comunicación, cun 79,6%, e as de Enerxía e auga cun 69,4%

**G.97. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

**G.98. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

O uso de ferramentas ERP destaca especialmente no sector industrial entre as empresas de 10 e máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia. Entre as microempresas é no sector servizos onde un maior volume de empresas emprega este tipo de recurso.

**G.99. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

No caso das ferramentas CRM son as empresas do sector Servizos, de calquera volume de traballadores/as, as que presentan unha maior dispoñibilidade destas ferramentas (customer relationship management), chegando ao 42,4% nas que posúen actividade e/ou sede na nosa Comunidade.

**G.100. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas )




**Fonte: INE**

Existen diferenzas significativas na utilización de ferramentas ERP dependendo da actividade que realicen as grandes empresas. Deste xeito, entre as empresas que se dedican á Enerxía e auga o uso de ERP acada un elevado 67,8% fronte á empresas de Actividades administrativas que empregan ERP nun 26,2%.

**G.101. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

No caso das ferramentas CRM, un 74,6% das empresas que se desenvolven na actividade de Información e comunicación dispoñen de ferramentas informáticas CRM, fronte ao 11,4% das dedicadas ao Transporte.

**G.102. EMPRESAS QUE DISPOÑÉN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as con sede en Galicia)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

As empresas relacionadas cos Servizos, tanto no caso das microempresas como nas de máis traballadores/as son as que máis realizaron actividades formativas dirixidas aos seus empregados /as. O 28,6% das entidades empresariais de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia realizaron actividades formativas TIC para os seus empregados.

**G.103. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

En base á actividade, destacar novamente a porcentaxe de empresas relacionadas coa Información e a comunicación pola maior frecuencia coa que impartiron actividades formativas TIC aos seus empregados / as (56,9%), fronte ás relacionadas coas actividades inmobiliarias (2,4%).

**G.104. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

## III.2. Internet e banda larga

As diferenzas máis salientables en canto á dispoñibilidade de Internet obsérvanse nas microempresas. As entidades de 0 a 9 traballadores/as dedicadas a Servizos contan conexión a Internet nun 73,1% dos casos, mentres que as de Construción téñeno nun 30,5%.

**G.105. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A contratación de banda larga en empresas con conexión a Internet, non amosa diferenzas destacables nin en función do sector de actividade nin por tamaño.

**G.106. ACCCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

O uso da banda larga móbil é moi elevada entre empresas relacionadas coa Construción, destacando as microempresas do sector Industria cunha menor porcentaxe de banda larga móbil (o 45,1%).

**G.107. ACCCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

En función da actividade das empresas de 10 ou máis traballadores/as, as que posúen menor porcentaxe de acceso a Internet mediante banda larga son as relacionadas coas actividades de inmobiliarias (46,5%) ademais das de aloxamentos (52,9%).

**G.108. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

## III.3. Páxina web e redes sociais

As empresas do Sector Industrial de 10 ou máis traballadores/as son as que posúen páxina web con maior frecuencia, mentres que nas microempresas son as de Sector Servizos as que dispoñen en maior medida deste recurso.

Entre as empresas máis pequenas, entre 0 e 9 traballadores, non se producen diferenzas elevadas agás no sector Construción, que presenta a menor porcentaxe de entidades que dispoñen de páxina web.

**G.109. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Obsérvase unha maior dispoñibilidade de páxina web entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, adicadas á Información e comunicación, onde o 94% dispón de páxina web, o que amosa a importancia desta ferramenta para visibilidade para os clientes.

**G.110. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.**

## III.4. Comercio electrónico

As empresas do sector Servizos, independentemente do seu tamaño, realizaron máis compras a través de Internet durante o último ano, acadando o 34,6% entre as de 10 ou máis traballadores/as con sede e / ou actividade en Galicia.

No caso das microempresas, destacan as diferenzas entre as do sector Servizos, cun 19,7%, e as do sector Construción, cun 4,7%.

**G.111. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

No relativo ás vendas por comercio electrónico entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as destacan novamente as empresas do sector Industrial (máis do 20% das empresas venden electrónicamente) e do sector Servizos (22,9% entre as multilocalizadas e 18,7% entre as que posúen sede en Galicia). No caso das microempresas sobresaen tamén as empresas Industriais, cun 5,2% que venden a través de Internet.

**G.112. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

# III.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

As empresas do sector Construción con 10 ou máis traballadores/as destacan pola súa maior interacción coas administracións públicas; mentres que nas microempresas destacan as do sector Servizos, onde o 77,1% interactuou coas administracións públicas a través da Rede.

**G.113. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

# IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS




- Maior dispoñibilidade de páxina web nas microempresas de Ourense (46,7%); nas de maior tamaño destacan as de Lugo cun 80,4%.
- O uso de banda larga móbil destaca en Pontevedra, cun 74,2% de utilización nas microempresas e, na Coruña cun 83,5% nas de 10 ou máis traballadores/as.

# IV.1. Equipamentos e servizos TIC

A análise por provincias relativa á dispoñibilidade de ordenadores nas empresas galegas é moi similar entre as máis grandes (10 ou máis traballadores/as). Non obstante, entre as microempresas, prodúcense diferenzas baseadas no territorio onde se atopa a sede da empresa, destacando Pontevedra (cun 71,1%) como a provincia onde existe unha maior dispoñibilidade de ordenadores.

**G.114. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas )




**Fonte: INE**

En relación ao Cloud Computing novamente se observan grandes diferenzas en función do tamaño da empresa segundo a provincia. Entre as de maior tamaño, son as empresas da provincia de Ourense (21,4%) as que destacan por aplicar solucións de Cloud Computing nunha maior proporción, fronte ás de Lugo cun 11%. Pola súa banda, entre as microempresas, as da provincia de A Coruña son as que máis empregaron solucións de Cloud Computing: o 7,5% afirmou empregar este recurso.

**G.115. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

En relación á facturación electrónica destacan pola súa maior porcentaxe as empresas de 10 oumáis empregados/as de Ourense, tanto no envío (27,3% envían electrónicamente facturas) como en recepción (63,9%).

**G.116. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo provincia para microempresas por falta de representatividade estatística.**

**G.117. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as)




**Fonte: INE**

**Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo provincia para microempresas por falta de representatividade estatística.**

O uso de ferramentas ERP por parte das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as é máis frecuente nas empresas con sede en Ourense e Pontevedra, mentres que no caso das microempresas destacan as situadas na provincia de Lugo, onde o 11,6% empregan ferramentas ERP.

**G.118.EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas )




**Fonte: INE**

As empresas de Ourense de 10 e máis traballadores/as distínguense polo maior uso de ferramentas informáticas CRM, cunha porcentaxe do 37,6% que as utilizan; nas empresas de 0 a 9 traballadores/as, son as ubicadas na provincia de Lugo as que máis destacan polo uso de ferramentas CRM, cun 13,4%.

**G.119.EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

As microempresas situadas na provincia de Lugo proporcionaron en maior medida actividades formativas TIC aos seus empregados; en concreto un 6,6% delas. Entre as empresas de máis persoal, destacan as que se localizan nas provincias de Ourense e Lugo, cun 22,5% e un 21,4% respectivamente.

**G.120. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A PROVINCIA**
(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

## IV.2. Internet e banda larga

A segmentación xeográfica infórmanos de que na provincia da Pontevedra existe maior porcentaxe de microempresas con contratación de Internet (69,6%). Entre as grandes empresas de 10 ou máis traballadores/as, o equipamento só se reduce lixeiramente entre as empresas de Ourense e Pontevedra.

**G.121. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O acceso a Internet a través da banda larga móbil é moi elevado nas empresas galegas, destacando a porcentaxe das empresas da provincia da Coruña de 10 ou máis traballadores/as, cun 83,5%. No caso das microempresas, destaca a provincia de Pontevedra, na que un 74,2% das entidades ten acceso a Internet a través de banda larga móbil.

**G.122. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

Analizando a dispoñibilidade de páxina web en base á localización xeográfica das empresas, en Ourense é onde maior porcentaxe de microempresas posúen páxina web (un 46,7%). Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as destacan as empresas de Lugo cunha porcentaxe do 80,4% que dispón de páxina web.

**G.123. DISPOÑIBILIDAD DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




**Fonte: INE**

## IV.3. Comercio electrónico

Respecto as compras a través de Internet durante o último ano, nas empresas de 10 ou traballadores/as, a porcentaxe de empresas da provincia de Lugo que realizou compras a través de comercio electrónico é moi superior ao do resto das provincias, un 36,5% fronte ao 25% de media. Nas microempresas, destacan as empresas da provincia de Ourense, onde as compras de xeito electrónico foron dun 17,7% fronte a media do 15,5%.

**G.124. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

Respecto das vendas a través de Internet, nas empresas de 10 ou máis traballadores/as destacan as empresas situadas en Ourense onde un 30% venderon de xeito electrónico os seus produtos. Entre as empresas de 0 a 9 traballadores/as que venderon a través de Internet, resaltan as empresas lucenses e ourensáns, cunha porcentaxe arredor do 3%

**G.125. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




**Fonte: INE**

## IV.4. Interacción coas AAPP a través de Internet

O grao de interacción coas administracións públicas a través da Internet é moi elevado nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as, independentemente da súa ubicación, superando en todos os casos o 95% de empresas que se comunicaron coas administración públicas a través da rede. Entre as microempresas non se atopan diferenzas salientables.

**G.126. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA**
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

# V. CONCLUSIÓNS

## Caracterización do sector empresarial

- Segundo datos do Directorio Central de Empresas do INE, no ano 2017, había en Galicia 198.923 empresas; 1.385 máis que o ano anterior, e seguen a primar as microempresas (entre 0 a 9 traballadores/as), que representan ao 96,3% do total do tecido empresarial galego.
- O 73% das empresas galegas teñen a sede nas provincias da Coruña e Pontevedra (39,8% na Coruña e 33,2% en Pontevedra).
- A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 78,8% das empresas galegas.
- O 57% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”.

## Equipamento e servizos TIC

- Un dos obxectivos deste estudo é analizar a integración das TIC nos procesos produtivos das empresas A sinatura dixital é utilizada por catro de cada cinco empresas de máis de 10 traballadores/as, e por practicamente a metade das microempresas con conexión a Internet. A sinatura dixital continúa implantándose nas empresas galegas, superando xa a media de España e destacando, especialmente, o incremento experimentado nas microempresas galegas (7,8 puntos no último ano).
- A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as aumentou 4,9 puntos porcentuais, chegando a un 16,4% en empresas con sede na nosa Comunidade. As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas son as de xestión de e-mail baseado en Cloud, servidor de base de datos (máis frecuente entre as microempresas) e  almacenamento de ficheiros.
- Nas grandes empresas, o envío da factura electrónica emprégase, en maior medida, en Galicia que en España.
- O uso de ferramentas informáticas de xestión de información do cliente, CRM, está claramente influenciado polo tamaño da empresa. Nas de 0 a 9 traballadores/as a súa utilización é do 7,6%, mentres que nas empresas de máis de 10 traballadores/as, acada ao 33,2% en empresas con sede en Galicia.

## Contratación de Internet

- O acceso a Internet a través de solucións de calidade é un activo clave para mellorar a

competitividade das empresas de forma sostible, fomentar o seu crecemento e innovación e apoiar a súa expansión internacional. A contratación de Internet está amplamente estendida nas empresas galegas, especialmente nas de máis de 10 traballadores/as onde acada o 98,5%. Nas microempresas, o 62,7% tamén posúen conexión a Internet contratada.

- Outro indicador da modernización en telecomunicacións das empresas na nosa Comunidade é o uso de banda larga a través de telefonía móbil. Nas empresas de máis de 10 traballadores/as, esta porcentaxe acada o 80,5% mentres que nas microempresas con conexión a Internet, a banda larga móbil sitúase no 69,2%. No caso das microempresas, é destacable o aumento de 4,2 puntos porcentuais na contratación da banda larga móbil.
- Tamén cabe destacar que un 58,4% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 9,1 puntos máis que no ano anterior. No caso das grandes empresas, cabe salientar o significativo aumento nas velocidades superiores ao 100 Mb/seg, que acadan xa unha porcentaxe do 25,6%, 3,3 puntos máis que no ano anterior.

## Páxina web, redes sociais e publicidade en Internet

- Unha cuarta parte das microempresas (26,2%) e un 77,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade na nosa Comunidade posúen páxina web.
- Outra tendencia, que sen dúbida está de actualidade na estratexia empresarial, é a presenza virtual en medios sociais, xa sexa a través de redes sociais (facebook, linkedln, Tuenti...), blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento. Un 33,1% das microempresas con conexión a Internet están presente en medios sociais, e un 42,4% no caso das grandes empresas. A presenza en medios sociais durante o ano 2017 aumenta en 4,5 puntos porcentuais entre as microempresas galegas.
- As redes sociais como Facebook, Linkedln, Tuenti, Google +, etc., son claramente o medio máis citado polas empresas para relacionarse virtualmente cos seus clientes. A utilidade destes medios sociais, segundo as propias empresas, é máis significativo nas microempresas, cun 48,8% que as considera como "moi útiles", aínda que en termos xerais as empresas valoran positivamente o seu uso.
- Un 8,5% das microempresas pagan por anunciarse en Internet, se ben esta porcentaxe chega case a triplicarse entre as empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (un 23%).
- Outro indicador da importancia das redes sociais e Internet en xeral entre as empresas

é o uso da publicidade dirixida a través de Internet, empregando os recursos que proporciona a Rede para chegar ao público obxectivo. Nas microempresas, o uso de publicidade dirixida a clientes concretos usando Internet é do 7,8%, triplicándose novamente entre as empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia (21%). A tipoloxía de publicidade dirixida máis utilizada polas empresas galegas, independentemente do seu tamaño, é a que se basea en contidos da páxina web (cookies).

## Comercio electrónico

- Unha de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia fixeron compras a través de Internet durante o último ano, fronte ao 15,5% das microempresas.
- En termos de evolución, as compras a través de Internet experimentan un freo no último ano, tanto a nivel galego como no conxunto de España. Non obstante, as microempresas galegas superan en compras a través de Internet no último ano á media estatal (un 15,5% fronte ao 15,7%).
- A venda por Internet está moi influenciada polo tamaño da empresa. Un 20,5% das grandes empresas con sede e/ou actividade en Galicia venderon a través de Internet fronte ao 2,4% no caso das microempresas. En termos de evolución, o indicador experimenta estacionalidade respecto do ano 2016, cun lixeiro descenso, máis marcado entre as empresas de menor volume de emprego
- A distribución xeográfica das vendas mostra unha concentración no ámbito estatal, aínda que cabe destacar que un 21,5% das vendas das grandes empresas con sede en Galicia teñen como destino a Unión Europea.

## Big Data

- O Big Data permite recompilar grande cantidade de datos coa finalidade de realizar análises, atopando patróns de comportamento ou pautas que permitan ás empresas observar e mellorar os seus produtos ou servizos. O volume de datos con frecuencia é tan grande que non pode ser tratado coas aplicacións tradicionais de tratamento de datos.
- A porcentaxe de empresas galegas que incorpora a análise Big Data é aínda pequeno: as microempresas que analizan macrodatos dos seus clientes é dun 4,3%, triplicándose no caso de empresas de maior tamaño. Pese ao modesto das cifras, cabe destacar a evolución positiva da práctica da análise Big Data entre as empresas galegas, tanto nas microempresas como nas entidades de máis traballadores/as,

experimentando un crecemento en torno a tres puntos porcentuais no último ano. Salientar igualmente que a práctica de análise Big Data entre as empresas galegas supera á do conxunto do Estado, case duplicando o valor das microempresas.

- Son varias as fontes empregadas para recompilar os macrodatos definidos como Big Data entre as empresas galegas. Sitúan en primeiro lugar os datos por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles e, non moi lonxe os datos recollidos pola propia empresa a través de sensores ou dispositivos intelixentes e os datos xerados por medios sociais
- En liñas xerais, todas as empresas recorren a persoal propio para analizar a cantidade de datos dispoñibles, aínda que no caso das microempresas hai tamén unha maior predisposición a recorrer a provedores externos

## Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet

- A interacción coas diferentes Administracións Públicas mostra unha ampla implantación en todas as empresas galegas, superando a media estatal.
- A solicitude dalgún tipo de información é o trámite coas Administracións Públicas, máis citado á hora de interaccionar a través de Internet.
- Outro dos trámites online máis destacado coas Administracións son a descarga de formularios ou impresos. Durante o ano 2017 volveu a incrementarse a súa utilización en 2,8 puntos porcentuais nas microempresas con conexión a Internet (60,1%) e 1,7 puntos nas empresas de 10 ou máis traballadores /as con sede en Galicia, superando superando en ambos os dous casos a media estatal.
- O 78,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede na nosa Comunidade, presenta impresos cumprimentados de xeito telemático coas Administracións Públicas. Tamén neste tipo de trámite as empresas galegas presentan unhas porcentaxes máis elevadas que as do conxunto de España..
- Outros motivos polos que as empresas galegas interactúan coas administracións públicas son: a declaración de impostos de forma electrónica, realizada polo 78,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e polo 58,3% das microempresas e a declaración das contribucións á Seguridade Social, realizada polo 65,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e por preto do 40% das microempresas.

## Política de seguridade e gasto en TIC

- A seguridade é un tema vital importancia a nivel empresarial. Así, un 85,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 39,6% das microempresas galegas

dispón dalgún plan interno que defina a súa política neste ámbito.

- O sistema interno para a seguridade máis empregado polas empresas galegas é o da autenticación mediante contrasinais seguros, práctica habitual para máis do 90% das empresas con 10 ou máis traballadores/as e para o 88,1% das microempresas que contan cunha política de seguridade TIC.
- O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 202 millóns de euros, se ben as diferencias entre as pequenas e as grandes empresas son novamente sobresaíntes, de xeito que o 69,5% do gasto total foi realizado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

# ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009

**1. Total Industria:**

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados **(CNAE 10-18)**

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos **(CNAE 19-23)**

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos **( CNAE 24-25)**

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo **(CNAE 26-33)**

1.5. Enerxía e auga **(CNAE 35-39)**

**2. Construción (CNAE 41-43)**

**3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)**

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo **(CNAE 45-47)**

3.2. Transporte e almacenamento **(CNAE 49-53)**

3.3. Servizos de aloxamento **(CNAE 55)**

3.4. Información e comunicacións **(CNAE 58-63)**

3.5. Actividades inmobiliarias **(CNAE 68)**

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) **(CNAE 69-74)**

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) **(CNAE 77-82)**

**4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)**

OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e a Modernización de
GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

XUNTA
DE GALICIA